

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE PECHE E SUSPENSIÓN DA CONVOCATORIA PARA O CONCURSO PARA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES ESCÉNICAS E MUSICAIS PARA O ANO 2025

Ratificación da Resolución da Presidencia de peche e suspensión da convocatoria para o concurso para concesión de subvencións para o fomento de actividades escénicas e musicais para o ano 2025.

Publícase que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na sesión que tivo lugar o día 10 de febreiro de 2025, adoptou o seguinte acordo:

Ratificar a Resolución da Presidencia n.º 2025/1417, do 6 de febreiro de 2025, de peche e suspensión da convocatoria do concurso para concesión de subvencións para o fomento de actividades escénicas e musicais para o ano 2025, co seguinte contido:

O día 13 de xaneiro de 2025, a Xunta de Goberno desta Deputación acordou aprobar as bases reguladoras das subvencións da Deputación Provincial de Ourense para o fomento das actividades escénicas e musicais para o ano 2025.

De acordo coas bases da dita convocatoria, a posibilidade de concesión de subvencións para realizar actuacións escénicas e musicais quedou aberta ata o 30 de novembro de 2025.

O día 6 de febreiro de 2025, a Intervención desta Deputación informou do esgotamento da partida orzamentaria correspondente a esta liña de axudas, o que imposibilita a concesión de novas subvencións a partir desta mesma data.

Considérase conveniente, por razóns de seguridade xurídica e para os efectos de informar debidamente desta circunstancia aos potenciais interesados, deixar sen efecto a convocatoria das citadas subvencións, con efectos desde o 6 de febreiro de 2025.

A Presidencia da Deputación denegará as solicitudes que teñan entrada desde o día 6 de febreiro (inclusive) de 2025, sen necesidade de acordo algún ao respecto por parte da Xunta de Goberno, ao producirse a carencia dun requisito esencial para a concesión de subvencións, como é a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente. Por todo o anteriormente exposto, e por razóns xustificadas de urxencia e sen prexuízo da posterior ratificación do acordo por parte da Xunta de Goberno,

Polo exposto, **DISPOÑO:**

1.º Deixar sen efecto a convocatoria do concurso para concesión de subvencións para o fomento de actividades escénicas e musicais para o ano 2025, regulada polas bases da convocatoria aprobada por Acordo da Xunta de Goberno do 13 de xaneiro de 2025. Como consecuencia deste acordo, as solicitudes presentadas a partir do día 6 de febreiro de 2025, non serán admitidas a trámite.

2.º Ratificar esta resolución na seguinte Xunta de Goberno.



3º. Publicar o presente acordo no BOP, na sede electrónica e na páxina web da Deputación Provincial, para o coñecemento xeral.

Así o dispón e asínoa a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

Publícase isto e advírtese que contra este acordo se poden interpoñer os seguintes recursos:

En caso de particulares, pódese interpoñer potestativamente un recurso de reposición ante a Presidencia da Deputación, no prazo dun mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, sen que se poidan simultanear ambos os recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio.

En caso de entidades locais, pódese interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Ourense. Ademais, ao abeiro do disposto no artigo 44 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá formularse un requirimento de anulación ou revogación do acto, no prazo de 2 meses e con carácter previo ao exercicio de accións en vía contenciosa. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, tendo en conta que o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo, -no caso de que se formule o requirimento previo-, contará desde o día seguinte a aquel no que se reciba a comunicación do acordo expreso sobre o dito requirimento ou se entenda presuntamente rexeitado.

Non obstante o anterior, poderá interpoñerse calquera outro recurso que se considere pertinente.

Ourense, 10 de febreiro de 2025. O presidente.

Asdo.: Luis Menor Pérez.

R. 315

